

## **O Alcalde de Antas amosa a súa debilidade facendo coincidir o Pleno do Concello co da Deputación e impedir de novo aos socialistas facer o seu traballo**

Varela está a incumprir o seu compromiso como alcalde, xa que existe un acordo de todos os grupos que establece que as datas e as horas dos Plenos municipais non poden coincidir cos da Deputación para que os edís, que tamén forman parte dos deputados adscritos a cada Partido, poidan exercer correctamente o seu labor como concelleiros e como membros do organismo provincial

Os socialistas lembran que é a quinta ocasión na que Varela fai coincidir as reunións oficiais do Concello con algún compromiso institucional do organismo provincial para que García Porto non poida asistir

**ANTAS DE ULLA, 28 DE ABRIL DE 2015.-** Os socialistas de Antas de Ulla denuncian que o Alcalde deste municipio –Javier Varela- volve a poñer trabas a súa labor de oposición ao fixar a data do Pleno ordinario facéndoo coincidir coa sesión do Pleno da Deputación e, así, impedir a asistencia de membros como a concelleira e deputada do PSOE Pilar García Porto.

Segundo indican os socialistas, Varela está a incumprir o seu compromiso como alcalde, xa que existe un acordo de todos os grupos que establece que as datas e as horas dos Plenos municipais non poden coincidir cos da Deputación para que os edís, que tamén forman parte dos deputados adscritos a cada Partido, poidan exercer correctamente o seu labor como concelleiros e como membros do organismo provincial.

### **A quinta vez que o Alcalde “veta” ós socialistas**

Esta parece ser unha práctica habitual do Rexedor de Antas, o que está a demostrar “a debilidade do Alcalde, un síntoma de que o seu mandato chega ao seu fin, ao deixar de lado as súas funcións”. Neste senso, os socialistas lembran que é a quinta ocasión na que Varela fai coincidir as reunións oficiais do Concello con algún compromiso institucional do organismo provincial para que García Porto non poida asistir.